

## O TESOURO Á BEIRA DO MAR - CEIP XULIO CAMBA

### **Introdución**

Este proxecto nace no marco do I Concurso Audiovisual de Anpas Galegas: “Somos Rural”. Participar neste concurso supuxo para o alumnado de terceiro ampliar coñecementos sobre a súa vila, valorar o seu contorno, gozar traballando de forma cooperativa e divertirse falando en galego.

Este vídeo está deseñado como un xogo de pistas onde o alumnado ten que atopar o paradiro da mascota do colexio, Don Mexillón. As diferentes pistas que van atopando están encamiñadas a dirixir ao alumnado á Torre de Cálago. Desta maneira invitan a xogar á persoa espectadora tentando descubrir onde se pode atopar Don Mexillón.

### **Participantes**

O alumnado de terceiro curso de primaria.

### **Elemento patrimonial**

O elemento patrimonial que se investigou para elaborar este proxecto foi a Torre de Cálago, situada no concello de Vilanova de Arousa. Escolleuse este elemento por ser descoñecido entre gran parte do alumnado a pesar de ter unha gran relevancia histórica, non tanto como elemento individual, senón como parte do conxunto arquitectónico da zona e da historia da vila, así como, do pobo galego.

### **Xustificación**

A principal motivación para participar neste concurso ten a súa orixe no proxecto documental integrado que se está a desenvolver no noso centro educativo CEIP Xulio Camba neste curso 2022- 2023, e que leva por título: Un curso de película.

Baixo a premisa de achegar o cine ao alumnado e o alumnado ao mundo do cine, desenvolvemos diferentes actividades que tiñan como finalidade coñecer de cerca o cine incorporándoo no traballo diario (traballos de investigación, coloquios con persoas referentes neste eido, descubrimento de novas profesións, coñecer profesionais relevantes da nosa cultura e descubrir diferentes técnicas e xéneros cinematográficos). Para culminar con todo este proceso era necesario elaborar algún documento audiovisual no que o alumnado puidese plasmar os seus coñecementos, así vimos neste concurso a oportunidade de realizar un pequeno proxecto audiovisual onde o alumnado puidese participar en todas as partes do proceso creativo e, ao mesmo tempo, dotalo dun obxectivo didáctico- divulgativo.

O alumnado participante é o correspondente ao terceiro curso de primaria, mais cabe especificar que unha parte do traballo concentrouse no alumnado da materia de Proxecto Competencial.

Os motivos para participar no vídeo son numerosos e todos relevantes, gustaríanos deixar aquí unhas breves reflexións:

- Resultou ser unha actividade moi motivadora para o alumnado: ao propoñer o tema de traballo o alumnado comezou a buscar información pola súa conta e datos moi interesantes.

- Favoreceu a participación de todo o alumnado: unha gran parte do alumnado non adoitaba participar en clase ou lle costaba moito debido a diversas dificultades de aprendizaxe e a idiosincrasia propia do alumnado máis introvertido, a través desta actividade puideron comprobar que son capaces de logros como compartir información co resto da clase, improvisar diálogos, memorizar textos e reproducilos diante dunha cámara. Por esta razón o alumnado que amosaba máis dificultades na expresión oral foi o que máis participou na elaboración dos diálogos.

- A colaboración e implicación das familias: para a búsqueda de información contouse coa participación das familias favorecendo canles de participación e de comunicación entre as diferentes partes da comunidade educativa.

- O traballo en equipo: foi primordial traballar en pequenos equipos e en parellas para a organización de todo o proceso. Nestas tarefas resultou sorprendente o ben que funcionaron traballando de forma cooperativa e a cantidade de ideas creativas que xurdiron.

- O emprego da lingua galega: esta é a principal razón pola que o profesorado de terceiro decidimos participar neste concurso. O 99% do alumnado non emprega o galego como lingua vehicular en ningún ámbito da súa vida, feito que se constatou a inicio de curso nunha enquisa realizada polo equipo de dinamización da lingua galega e que pon de manifesto a gran necesidade de motivar ao alumnado para que utilice o galego.

Este proxecto contou coa colaboración dos diferentes equipos de coordinación docente:

O equipo de dinamización da lingua galega facilitou documentación relativa á Torre de Cálago.

O equipo de TICS facilitou os recursos para elaborar e difundir o vídeo.

O equipo de biblioteca e o equipo de actividades extraescolares aportaron materiais para o atrezo e facilitaron espazos para a gravación e visualización do vídeo.

### **Actividades previas á elaboración do vídeo**

- Recollida de información:

Nun primeiro achegamento a este proxecto o alumnado tivo que recoller información sobre o elemento a investigar: a Torre de Cálago. As titoras aportamos diferentes recursos en formato papel e dixital para que puideran consultar.

Unha vez consultada a información e analizada en gran grupo pasaron a traballar por parellas resolvendo unha serie de preguntas. Finalmente corriximos entre todos as preguntas. Este

primeiro traballo de investigación consistía en achegar o alumnado á historia da Torre de Cálago e a eventos históricos relevantes da súa vila.

- Primeiro contacto co guión:

O seguinte paso foi a elaboración dos diálogos onde o alumnado contaba cun borrador de guión elaborado polas mestras. Este borrador contiña ocos en branco para que o alumnado completase os diálogos partindo das escenas propostas.

- Guións definitivos: logo seleccionamos os diálogos que máis encaixaban coa historia que se pretendía contar e co tempo marcado, e entregamos ao alumnado o guión completo.
- Elaboración dos diferentes materiais:

Paralelamente ás tarefas anteriores o alumnado de proxecto competencial elaborou o atrezzo que consideraron necesario, como os accesorios, e buscaron solucións para algunhas escenas que resultaban máis complicadas de gravar por falta de medios.

Ao mesmo tempo idearon as pistas para que posteriormente os seus compañeiros descifrasen no vídeo, xogando con tres elementos que o propio alumnado considerou como máis relevantes en relación coa Torre de Cálago: o mosteiro de Cálago, as invasións normandas e o Camiño de Santiago.

Para elaborar as pistas axúdaronse de recursos TIC como os ordenadores e as tablets, as cales tamén lles serviron para buscar as imaxes que posteriormente serían utilizadas nos fondos dos vídeos para elaborar as montaxes. As pistas e cartelería utilizada no vídeo foron creadas coa aplicación Canva.

### **Gravación do vídeo:**

O vídeo gravouse en diferentes momentos. Por unha parte as escenas individuais onde tiñan que utilizar o croma e aplicacións de gravación como TC Studio. Nesta parte da gravación o diálogo foi memorizado previamente e interpretado ante a cámara empregando un croma. O alumnado de proxecto competencial encargouse de preparar o vestuario e os elementos de atrezzo para facilitar e axilizar a gravación.

Por outra parte, gravouse ao alumnado resolvendo as pistas. Neste caso as gravacións foron en pequenos grupos porque ao alumnado resultáballe menos agobiante que gravar diante de todo o grupo. Nestes momentos da gravación había unhas frases previamente seleccionadas mais non estaban repartidas entre o alumnado senón que ían improvisando quen dicía cada unha, de forma que a gravación quedou máis natural e puideron aportar toques persoais nas entoacións e nos diálogos.

Tamén gravamos escenas soltas como as do inicio, que non tiñan alumnado, probando os diferentes planos e vendo as diferenzas para despois seleccionar os que resultaran máis axeitados.

Finalmente, gravamos o final como parte dunha saída á Torre de Cálago, onde compartimos experiencias e datos curiosos do que levaban aprendido neste proxecto.

### **Actividades posteriores á elaboración do vídeo:**

- Edición do vídeo: o alumnado de proxecto competencial encargouse de seleccionar as escenas que consideraron máis adecuadas e, coa axuda das mestras, foron incorporando son e audios gravados previamente. Tamén colaboraron creando o deseño do título e do final do vídeo.
- Presentación do vídeo: entre as actividades que quedan pendentes neste terceiro trimestre como parte do PDI do centro está prevista unha mostra de vídeos elaborados polo alumnado onde se fará unha presentación a modo de “estrea” do vídeo.
- Preestrea do vídeo: imitando ás grandes producións, o alumnado realizará unha sesión de preestrea onde invitará ao profesorado. Para isto están elaborando as tarxetas de invitación, carteis e organizando a nosa aula de cine.

### **Conclusión**

Coa realización desta actividade conseguíuse que o alumnado coñecese máis información sobre a súa vila e doutras zonas da contorna, como os restos diferentes torres que hai na ría de Arousa: Torre de San Sadurniño e Torres do Oeste. A relación que tiñan entre elas e a súa relevancia histórica.

Ao mesmo tempo, puxeron en practica coñecementos relacionados co eido da produción audiovisual que foran vendo ao longo do curso, dando continuidade ao proxecto: Un curso de película.

E, por suposto, levaron a cabo tarefas motivadoras empregando a lingua galega en todo momento, que era a principal finalidade que perseguíamos.